

Rosalía de Castro

HAS DE CANTAR



Figuras. óleo de Luís Seoane, 1956

UNIDADE DIDÁCTICA
5º e 6º de Ed. Primaria

24 DE FEBREIRO, DÍA DE ROSALÍA

CEIP DE CARNOTA (A Coruña)
CEIP DE GALÁN, DE OSEIRO-ARTEIXO (A Coruña)
CEIP CIDADE VELLA, da CORUÑA
CEIP CHANO PIÑEIRO, de GONDOMAR (Pontevedra)
CEIP EMILIA PARDO BAZÁN, da CORUÑA
CEIP EUSEBIO DA GUARDA, da CORUÑA
CEIP FOGAR, de CARBALLO (A Coruña)
CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE, da CORUÑA
CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA, da CORUÑA
CEIP PLURILINGÜE MOSTEIRÓN, de SADA (A Coruña)
CEIP PLURILINGÜE SAN PEDRO DE VISMA, da CORUÑA
CEIP RAMÓN DE LA SAGRA, da CORUÑA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ROSALÍA DE CASTRO



Rosalía de Castro naceu en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 1837 e morreu en Padrón o 15 de xullo de 1885. Pasou a infancia en Padrón, coa súa nai e, xa de moza, foi a Santiago onde estudou música, arte e literatura. Nesta cidade coñeceu a moitos dos intelectuais galegos da época: Aguirre, Pondal e Paz Novoa.

Aos vinte anos publicou, en castelán, o seu primeiro libro de versos, «*La Flor*».

Casou con Manuel Murguía, nacido en Oseiro-Arteixo, que chegaría a ser o primeiro presidente da Real Academia Galega e co que tivo sete fillos.

Rosalía foi unha escritora e poetisa galega moi importante. O seu libro «*Cantares Gallegos*», editado en 1863, era o primeiro que se escribía, despois de moitos anos, no noso idioma.

Tamén é autora doutro libro de versos en galego, «*Follas Novas*» e dun en prosa, «*Contos da miña terra*».

Para celebrar a publicación de «*Cantares Gallegos*» cada 17 de maio celebramos o Día das Letras Galegas e cada 24 de febreiro celebramos o Día de Rosalía, para lembrar a data do seu nacemento.



CARICATURA DE ROSALÍA DE CASTRO REALIZADA POR SIRO LÓPEZ



CARICATURA DE MANUEL MURGUÍA, MARIDO DE ROSALÍA, REALIZADA POR D. PINTOR

ACTIVIDADES



1.- Onde naceu Rosalía de Castro? Cando?

■ _____

2.- Cando morreu? Onde?

■ _____

3.- En que vila pasou a súa infancia? Con quen?

■ _____

4.- Como se chamaba o seu marido? Onde naceu?

■ _____

5.- Quen foi o primeiro presidente da Real Academia Galega?

■ _____

6.- Cantos fillos tiveron Manuel e Rosalía?

■ _____

7.- Cal é o título do primeiro libro de poemas en castelán?

■ _____

8.- E o título do primeiro libro de poemas en galego?

■ _____


9.- Que outros títulos en galego coñeces da obra de Rosalía?

■ _____

10.- Que celebramos o día 24 de febreiro?

■ _____

11.- Resolve este encrucillado con datos da vida de Rosalía.





HORIZONTALAIS

- 1.- Apelido da autora de «Cantares Gallegos», «Follas Novas», «Contos da miña terra»...
- 2.- Vila na que pasou a súa infancia Rosalía de Castro.
- 3.- Cidade galega na que Rosalía estudou música, arte e literatura.
- 4.- Número de fillos que tiveron Rosalía e Manuel Murguía.
- 5.- Nome do marido de Rosalía e que sería o primeiro presidente da Real Academia Galega.
- 6.- Rosalía naceu en 1837, o día 24 de...
- 7.- Localidade de Arteixo na que naceu Manuel Murguía.
- 8.- Cal é o nome da autora á que lembramos cada 24 de febreiro?

1.- CASTRO 2.- PADRÓN 3.- SANTIAGO 4.- SETE
5.- MANUEL 6.- FEBREIRO 7.- OSEIRO 8.- ROSALÍA

12.- Recorta as oito pezas do crebacabezas co retrato de Rosalía.




13.- Compón o crebacabezas. Colorea as letras.

DÍA DE ROSALÍA
24 DE FEBREIRO



14.- De «Cantares Gallegos» fixéronse moitas edicións e con portadas variadas. Poderías ti deseñar unha portada nova?




ROSALÍA DE CASTRO

CANTARES


GALLEGOS

LIBRERÍA GALI · SANTIAGO

15.- De Rosalía de Castro hai moi poucas fotos e si moitas caricaturas e debuxos. Atrévete a facer unha caricatura da autora?



16.- Que camiño teremos que seguir para chegar á imprenta Gali, de Santiago, para recoller un exemplar de «*Cantares Gallegos*»?



HAS DE CANTAR



ROSALÍA DE CASTRO

«Cantares Gallegos»

Has de cantar
que che hei de dar zonchos;
has de cantar
que che hei de dar moitos.

Has de cantar,
meniña gaiteira,
has de cantar
que me morro de pena.

Canta, meniña,
na beira da fonte,
canta, dareiche
boliños do pote.

Canta, meniña,
con brando compás,
dareiche unha proia
da pedra do lar.

Papiñas con leite
tamén che darei,
sopiñas con viño,
torradas con mel.



Muller con vara de rosquiñas, óleo de Luís Seoane, 1958

COMPRENSIÓN



1.- Que lle ía dar á meniña gaiteira? Cantos lle ía dar?

■ _____

2.- Que instrumento musical tocaba a rapaza?

■ _____

3.- Onde quería que cantara a meniña? Que lle ía dar?

■ _____

4.- E se cantaba con brando compás, que lle ía dar?

■ _____

5.- No poema aparecen varias comidas diferentes. Localízaas e pintaas.

ARROZ CON CHÍCHAROS

ZONCHOS

TOUCIÑO

CHOURIZOS

BOLIÑOS DO POTE

SOPA DE FIDEOS

PAPIÑAS CON LEITE

PROIA

TORRADAS CON MEL


SOPÍÑAS CON VIÑO

ARROZ CON CHÍCHAROS


EMPANADA DE XOUBAS

6.- Que nome teñen cada unha das partes da gaita galega?


PUNTEIRO SOPRETE RONCO COPA
FOL FARRAPOS RONQUETA



7.- Que outros instrumentos son de vento? Coloréaos.



8.- Resolve o encrucillado con palabras que aparecen no poema.




HORIZONTALS

- 1.- Manancial de auga que brota da terra.
- 2.- Cachiños de pan empapados nun líquido: leite, viño, sopa...
- 3.- Borde dunha superficie.
- 4.- Torta ou bola de pan que pode estar feita de millo ou de trigo.
- 5.- Lugar onde se prende o lume na cociña.
- 6.- Materia mineral que forma as rochas ou penas.
- 7.- Instrumento musical de vento típico de Galicia.
- 8.- Castañas cocidas con casca.

1.- FONTE 2.- SOPÍÑAS 3.- BEIRA 4.- PROIA
5.- LAR 6.- PEDRA 7.- GAITA 8.- ZONCHOS

9.- Localiza na sopa de letras as palabras do poema que aparecen no recadro. Ollo! As palabras tamén están en diagonal.

MEL	TORRADAS	VIÑO	PROIA	LAR	PEDRA
ZONCHOS	GAITEIRA	BEIRA	BOLIÑO	FORTE	POTE



10.- Que palabras están relacionadas no poema? Une.

ZONCHOS ☐
 MENIÑA ☐
 MORRO ☐
 BEIRA ☐
 BOLIÑO ☐
 COMPÁS ☐
 PEDRA ☐
 PAPIÑAS ☐

• GAITEIRA
 • LEITE
 • FORTE
 • LAR
 • BRANDO
 • POTE
 • PENA
 • MOITOS

11.- Serás quen de completar estas dúas estrofas do poema de Rosalía de Castro? Usa as palabras do recadro e fai unha ilustración.

dentro	noces	vinagre	asadas
rícas	rapaza	cantas	festiña

Patacas _____
con sal e _____,
que saben a _____,
que _____ que saben!

Que feira, _____,
se _____ faremos...
_____ por fóra,
festiña por _____.

